

## BANDO

### XUNTOS POLO NADAL

José M. Miñones Conde, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña),

#### INFORMA:

A Dirección Xeral de Maiores de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, organiza o Programa **Xuntos polo Nadal**. Destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas, xa sexa por carencia de familiares ou amigos, perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

Ofértanse un total de 240 prazas distribuídas do seguinte xeito:

- 120 na Residencia de Tempo Libre do **Carballiño** (Ourense), para as persoas solicitantes das provincias de **Lugo e Pontevedra**.
- 120 na Residencia de Tempo Libre de **Panxón**, en Nigrán (Pontevedra), para as persoas solicitantes das provincias de **A Coruña e Ourense**.

#### DATAS E SERVIZOS:

Este programa levarase a cabo entre o día 23 de decembro de 2017 e o día 7 de xaneiro de 2018 e comprende os seguintes servizos:

- Estancia na residencia durante 16 días (15 noites).
- Aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan nas localidades que corresponda (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo ou Ourense) ata a residencia de tempo libre que se lle adxudique e viceversa.
- Actividades de animación sociocultural.

A recollida das persoas participantes efectuarase o día **23 de decembro** pola tarde e a volta o día **7 de xaneiro** despois do almorzo.

#### PERSOAS BENEFICIARIAS:

- Ter 60 anos, cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Estar empadroado nalgún concello galego.
- Vivir só no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- Valerse por sí mesmo e non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa nin trastornos mentais ou de conduta non compensados que poidan alterar a convivencia.

Para a selección dos participantes daráselle preferencia ás persoas que:

- Perderan ao seu cónxuxe ou persoa coa que convivisen nos últimos anos.
- Teñan máis idade
- Teñan un menor nivel de ingresos económicos
- Non participaran no Programa Xuntos polo Nadal en pasadas edicións.

#### PREZO DA PRAZA:

As persoas participantes que teñan uns ingresos inferiores ao IPREM (537,84€/mes), asistirán de forma gratuíta, mentres que aquelas cuns ingresos superiores a dito importe contribuirán ao pago da estancia coa achega de 50€.

#### LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes serán facilitadas nos servizos sociais do Concello. **O prazo de presentación será ata o día 17 de novembro incluído**, no Rexistro Xeral do Concello, nos departamentos de traballo social dos centros de saúde ou hospitais, nas xefaturas territoriais ou Centros Sociocomunitarios de Benestar, dependentes da Consellería de Política Social, ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ames, 3 de novembro de 2017

O alcalde,  
José M. Miñones Conde

